



Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía



A **Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato Otero**, comprácese en convidalo á xornada sobre o “**Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía**”, que se celebrará o **martes 28 de novembro** ás 10 horas no **Palexco**, da cidade de A Coruña.

O **Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía** - *Covenant of Mayors for Climate & Energy* - foi lanzado pola Comisión Europea co fin de reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha **rede permanente de intercambio de información** para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO₂ no ámbito territorial local, e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

A **Xunta de Galicia** consciente do papel que os concellos xogan na loita fronte ao fenómeno do **cambio climático**, considera necesario o establecemento de políticas de adaptación e mitigación en todos os niveis de goberno, sendo prioritaria a colaboración entre administracións de distinto nivel para que estas políticas sexan eficaces e eficientes.

Con este fin, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, liderará esta iniciativa como **estrutura de soporte na Comunidade Autónoma de Galicia, co apoio da Unión Europea**, e queremos contar co seu apoio e a súa presenza.

Convidámolo a unirse a esta iniciativa europea baseada no compromiso de facer propios os obxectivos da Unión Europea e reducir un 40% os gases de efecto invernadoiro de aquí ao ano 2030, así como promover a adopción de medidas conxuntas para a atenuación do cambio climático e a adaptación a este.

Por tal motivo, convidámolo ao acto de inauguración e a inscribirse na xornada.

Teléfono de consultas 981208990 (prazas limitadas).

Espero contar coa súa participación.